

1.- OBXECTIVOS:

- Adquirir destreza no uso do microscopio óptico e nas técnicas de tinción en microscopía.
- Observar bacterias e comprobar algunhas das súas características xerais (forma, tamaño, ...)

2.- MATERIAL.

- | | | |
|----------------------|--------------------|------------------|
| - Microscopio óptico | - Portaobxectos | - Cubreobxectos |
| - Agulla enmangada | - Acendedor Bunsen | - Placa Petri |
| - Alcohol de 96 º | - Azul de metileno | - Auga destilada |
| - Papel de filtro | - iogur natural | |

3.- MÉTODO

- a).- Colla unha pequena porción de iogur coa axuda da agulla enmangada e deposíteo na zona central do portaobxectos.
- b).- EXTENSIÓN: Realice unha extensión coa axuda da agulla de xeito o máis uniforme posible.
- c).- FIXACIÓN POR CALOR: Colla o portaobxectos entre o dedo índice e o polegar polos bordes e quenteo suavemente á chama do mecheiro, sen deixar que ferva en ningún momento. Seque a mostra completamente.
- d).- ELIMINACIÓN DE GRAXAS: Deposite o portaobxectos na placa Petri apoiandoo nun dos seus lados para que quede inclinado. Poñer unha gotas de etanol sobre a mostra, esperar 2 min e escurrir. Repetir o proceso 2 veces para asegurar a eliminación das graxas. Finalmente lavar con auga destilada para eliminar o exceso de alcohol.
- e).- TINCIÓN: Colocar o portaobxectos na placa Petri, previamente secada, e cubrir a mostra con azul de metileno, deixando actuar 5 min. Lavar con auga ata que esta saia incolora.
- f).- Colocar o cubreobxectos, sobre el un anaco de papel de filtro e presionar co dedo polegar, para secar a auga sobrante e eliminar o aire da preparación.
- g).- Observar ao microscopio cos máximos aumentos.

4.- RESULTADOS.


1.- Faga un esquema das bacterias observadas no círculo que aparece á marxe e indique o seu tipo segundo a forma. Indique os aumentos utilizados no MO.

2.- Indique os nomes das bacterias observadas.

3.- Que proceso realizan estas bacterias que permite a formación do iogur?

4.- Cite 4 características do proceso ao que fai referencia a cuestión anterior e que o distinguan da respiración aerobia.

5.- Indique as dúas etapas que forman o proceso de formación do iogur polas bacterias, expoñendo: produtos iniciais, produtos finais, rendemento en ATP e en poder reductor.



Aumentos:.....